

ROGO DE AER SOBRE VARIOS TEMAS (Rex. Entrada 30.05.2018, 2018-E-RE-711).

PLENO 04 XULLO 2018. ACTA 09/2018

O Sr. Covelo dá lectura dos seguintes rogos:

“1. Sobre reclamacións pendentes polos danos ocasionados polas obras do Eixo Atlántico da Alta Velocidade; AVE.

Consultados os expedientes, podemos comprobar que xa en decembro de 2015 se instaba á Dirección Xeral de Explotación e Construción de ADIF, así como á Subdirección de expropiacións do mesmo organismo, a cumprir os compromisos respecto das reclamacións efectuadas por diferentes veciños e veciñas de Redondela.

En xaneiro de 2016 ampliase a reclamación con máis casos.

Nun breve resumo, salientamos a afectación de cinco vivendas e varios terreos agrícolas non repostos á súa situación inicial, así como incidencias nas canles de rega ou regatos.

En febreiro de 2018 reitérase a petición para que se dea resposta a estas reclamacións sen que a día de hoxe conste ningún contacto por parte das administracións responsables.

Así e todo, o Sr. Alcalde ten entrevistas e negociacións coas mesmas entidades, sen que estes temas foran tratados. Posto que, de ser así, procedería comunicarlle á veciñanza afectada a situación actual das reclamacións.

O Concello vai facer obras públicas en terreos cedidos por ADIF, pero mentres, as persoas están a vivir en casas seriamente afectadas e sen posibilidade de arranxo por falta de compromiso e/ou resposta.

Tendo en conta este exemplo, estamos a ver con preocupación o que poden supor as afectacións da AP-9, unha vez que as obras se deron por rematadas.

Por todo o mencionado, ROGAMOS ao Sr. Alcalde que tome cartas no asunto, se reúna cos afectados e afectadas e se chegue a un compromiso de solución. Pasaron máis de catro anos do final das obras e seguen nas mesmas. Sen descartar a posta en marcha das medidas xurídicas que correspondan.”

Resposta: ALCALDE: está solicitada unha información e pendente de que a recibamos.